

A REVISTA DA
BIBLIOTECA

XULLO AGOSTO
SETEMBRO 2025

Nº 66

ABRACADABRA

UTOPIÍA

PASATEMPOS

LECTURAS PARA O VERÁN

QUE HAI DE NOVO...



Deputación
DA CORUÑA

IBC
- ANIVERSARIO 1845-2025

BIBLIOTECA
PROVINCIAL
DA DEPUTACIÓN
DA CORUÑA

BIBLIOTECA INFANTIL E XUVENIL



UTOPIÍA



A idea paréceme unha pasada pero se quero que nalgún momento se faga realidade precisaría poder plasmala nun proxecto ben definido e como diría o meu profe... viable, que aínda que soe supertécnico é o mesmo que dicir posible e realizable. Porque... realmente sería posible levala á práctica ou só é unha máis das miñas fantasías?... Ola! Que ben que chegastes! Estou nun momento creativo, cos perigos que iso implica... Veredes, o verán é a miña época do ano preferida, basicamente polas vacacións, claro. Pero, aínda que me encanta ir á praia, pasear polo monte, ler, escoitar música e quedar cos meus amigos e amigas, sinto que me falta algo e, velaquí o que se me ocorreu para ocupar ese baleiro: un espazo “multidisciplinar” (o meu profe estaría super feliz se me escoitase utilizar estas palabras) no que tivesen cabida unha ampla variedade de temáticas. A ver, explícome. O que a min me gustaría é un lugar no que poder experimentar diferentes disciplinas e compartilas coa miña cuadrilla. Que si... Agardade un momento, agora o detallo un pouco máis. Eu imaxino un edificio que na entrada ten un cartel que pon algo así como: Entra e descobre que queres facer. O edificio está dividido por seccións, aínda que poden ser outras divisións, poñamos que ten varios pisos e que cada piso está dedicado a unha temática diferente. No primeiro piso hai varias salas, todas relacionadas coa música. Nunha sala temos instrumentos de corda, noutra instrumentos de percusión e noutra de vento (nesta con embocaduras refugables). Noutra sala atopamos un mesturador de sons e un karaoke. En cada unha das salas habería libros e vídeos para guiarnos no manexo e técnica de cada instrumento, incluída a voz. Tamén se dispoñería de distintas partituras. Todas as salas confluírían nun acceso a outra sala na que poder utilizar calquera instrumento para poder probar entre varias persoas un conxunto musical. Probablemente sería un dos meus pisos preferidos, aínda que... non sei... Pasemos ao seguinte.



O segundo piso estaría dedicado á parte física do noso corpo. Habería salas para practicar e coñecer distintas disciplinas como ioga, pilates, taichí, judo, capoeira, meditación... así como distintos tipos de danza (desde danza clásica ata lírico ou lindy hop entre outros moitos) e teatro. Poida que neste mesmo piso houbera, tamén, equipos de fotografía, radio e vídeo para experimentar con todos eles. En canto ao terceiro piso, estaría destinado a distintas técnicas artísticas. Así se contaría con cabaletes, lenzos, láminas, pinturas ao óleo, acrílicas, acuarelas, pinturas pastel,... barro, escaiola, tornos, ... En fin, todo o necesario para poder descubrir e experimentar todas as técnicas artísticas, así como manuais para iniciarse nos distintos tipos. No cuarto piso as salas estarían provistas de todo o necesario para realizar distintos tipos de experimentos, así estaría a sala de física, a de química, a de robótica e programación, a de I.A... A cada paso, este edificio gústame máis. Quéroo xa!!!!

O edificio tamén tería un pequeno terreo na parte de atrás no cal poderíamos experimentar co coidado das plantas: tempos de plantación, poda, frecuencia de rega, recolección,... Igual que nos pisos anteriores, tamén contariamos con libros e vídeos sobre o tema, así como carteis co nome e características de cada planta e/ou árbore, hora da última vez que se regou, podou etc. Tamén aquí poderíamos contar cun telescopio para mirar ao pasado observando o ceo nocturno.




Por último, no vestíbulo do edificio habería un ficheiro con tarxetas de distintas profesións e un contacto para poder pasar unha mañá ou unha tarde nas que nos susciten máis interese e poder vivir en primeira persoa como é o mundo laboral en todos os seus ámbitos. Se é que ademais influiría positivamente nunha mellora da sociedade.

Que vos parece? A ver, isto é só un pequeno bosquejo. Habería que definilo moito máis. Pero é que o quero!!!! Pensades que lle falta algo? Vós que incluíriades neste edificio? Por favor, deixádeme todas as vosas suxestións na Sección Infantil e Xuvenil da Biblioteca.



Vou proseguir co proxecto. Feliz verán!!! Vémonos no próximo número!!!





PASATEMPOS



Aquí vos deixamos uns chistes para rir a esgalla:

- ¿Sabes por qué los hijos de superman son tranquilos?

- Porque son supermansitos

- ¿Sabes qué le dice un jardinero a otro?

- Nos vemos cuando podamos.



-¿Qué hay peor que encontrarse un gusano en una manzana?
Encontrarse medio.

- ¿Sabes qué hace una abeja en un gimnasio?
Zumba

-¿Sabes por qué la gallina cuida tanto a su pollito?
Porque le costó un huevo tenerlo.



Están dos ciegos hablando y le dice uno a otro:

- Ojalá lloviera

El otro contesta: - Ojalá yo también



E agora, a ver se sodes quen de atopar as 7 diferenzas neste mar de cores:




E, para rematar, uns xeroglíficos moi refrescantes

A que praia vas ir hoxe?



E ti?




LECTURAS DE VERÁN




Estamos no verán e que mellor época para gozar de miles de lecturas maravillosas. Así que aquí vos deixamos algúns libros cheos de misterios e emoción e, porque non, algún para iniciarse na creación de banda deseñada, na cociña ou na protección do planeta. Ao fin e ao cabo, hai tempo para todo, non si? Agardamos que vos gusten.

- El misterio de la isla de Tokland / Joan Manuel Gisbert (N GIS mis / a)
- El diario de Eliza. 1, El misterio de la academia / Lauren Magaziner (N RES / a)
- Atrapados en el parque de atracciones maldito / Iker Unzu (N UNZ atr / v)
- La guía manga de Física / Hideo Nitta (53 NIT gui / a)
- Sobremesas sobre versos / Raquel Castro (N CAS sob / v)
- O misterio das badaladas (N 869.9 DOC mis / a)
- Manual para detectives / Lauren Magaziner (N RES / a)
- El juego de Westing / Ellen Raskin (N RAS jue / a)
- La tienda de palabras / Jesús Marchamalo (N MAR tie / a)
- A ladroa da biblioteca de Meirás / Eva Mejuto (GAL N 84)
- La tumba del terror / Timothy Knapman (79 KNA mis / v)
- Deus salve as raíñas / Leticia Costas (N COS señ / v)
- El Juego de las ilusiones : la ciencia secreta de la magia / de Alberto D. Schafer (79 SCHA jue / a)
- Ti podes salvar o planeta : 101 cousas que ti podes facer para protexer o medio / Jacquie Wines (502 WIN tip / v)
- La gran búsqueda del tesoro en Google Earth / Tim Dedopulos (79 DED gra / a)
- Un tren cargado de misterios / Agustín Fernández Paz (N FER tre / r)
- Aprende banda deseñada con Fiz, o neno máis porco do mundo / Kiko da Silva (74 SIL apr / a)
- Crímenes ilustrados : ¿Quién es el asesino? Resuelve los casos examinando la escena del crimen / Modesto García (79 GAR crí / a)



Que hai de novo...?

Solucións dos pasatempos



Xeroglíficos

Carnota (Car – nota) e

Riazor (Río – o + azor)



* Esta ano **A BIBLIOTECA CUMPRE 180 ANOS** e estamos de celebración. Manterémosvos informados.

* **RECUNCHOS NA BIBLIOTECA** con libros, DVD e materiais adicionais de diferentes temáticas nos que sempre atoparás algunha sorpresa.

* **PRÉSTAMO DIXITAL.** Se tamén che gusta ler en dixital, agora todos os usuarios a partir de 9 anos podedes darvos de alta na biblioteca dixital EbiblioDaCoruna. É moi sinxelo, consulta na páxina web www.dacoruna.gal/biblioteca/ebibliodacoruna/ebiblioteca-info

* **BOLETÍNS DE NOVIDADES.** Se che interesa estar ao día coas novidades que nos chegan á biblioteca, podes consultar as novidades, mes a mes, na páxina web.

* **RESERVAS E RENOVACIÓNS.** Podedes facelas na páxina web <http://www.dacoruna.gal/biblioteca>.

* Lembra que podes ser **COLABORADOR/A DA NOSA REVISTA ABRACADABRA.** Esperamos as túas recomendacións de libros, trabalinguas, chistes, relatos, adiviñas... déixaas na Sección Infantil Xuvenil ou envíaas ao noso correo biblioteca.infantilxuvenil@dacoruna.gal e publicarámoslas no próximo número da revista..



Biblioteca Provincial
da Deputación da Coruña
Sección Infantil e Xuvenil
R/Riego de Agua, 37 – 15001 A Coruña
Tfno: 981 080 171

Depósito Legal: C 4802-2008